

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 13 DE NOVEMBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trece de Novembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 6 de Novembro pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Telefónica, no que interesa autorización para cambio de cámaras e canalizacións na Estrada N-120, fronte a talleres Opel do Lugar da Quinza-Sampaio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acceder ó solicitado; deberanse cumpri-las condicións sinaladas polo M.O.P.T que se achegan en fotocopia; a profundidade fixada polo MOPT mantederase en tódala lonxitude a fin de permiti-lo paso doutros servicios para a parte superior; deberanse coordina-los traballos coa compañía UTE Ourense-Melón, sinalizando adecuadamente a obra en cuestión. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Do Instituto Galego da Vivenda e Solo, remitindo relación de expediente de subvención a fondo perdido cara a rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia, aprobados definitivamente dende o ano 1992 ata o 25 de Outubro do corrente e que correspondían a este Concello.

Da Secretaría Xeral para o Deporte, concedendo subvención por importe de 300.000 pesetas para "Escolas Deportivas, Competicións e Torneos".

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público, correspondentes á fonte da Prata, desta Vila.

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia a tamén de San Paio.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Visto o informe social emitido polo Servicio Social de Base da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, concede unha axuda económica de 10.000 pesetas a Dona María Luísa Gómez Rodríguez, en concepto de axuda para material escolar para a súa filla Tatiana Padín Gómez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba a factura xustificativa do concerto da gran gala lírica de zarzuela por importe de 500.000 pesetas, ós efectos de que se remita a Excma. Deputación de Ourense para o seu aboamento.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba a certificación primeira da obra "Instalación de Alumeado Público no municipio", por importe de 7.968.000 pesetas.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose o presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.